

# Preguntas frecuentes cara a inclusión educativa

## Índice

1. Dálle unha volta! (Infografía)
2. Como podo conseguir que as miñas clases capten a atención de todo o meu alumnado?
3. Que dinámicas podo seguir para establecer un clima cooperativo e participativo dentro da aula?
4. Que ferramentas podo empregar para que todo o meu alumnado comprenda o que quero transmitir?
5. Que estratexias de xestión da aula podo empregar?
6. Que metodoloxías podo empregar para garantir o seguimento do currículo e a participación do alumnado?
7. Como podo organizar o espazo da aula para garantir unha distribución axeitada e facilitar a participación de todo o alumnado? Onde me situarei como mestre/mestra dinamizadora da clase e persoa de referencia e apoio? Como podo organizar o espazo da aula para garantir unha distribución axeitada?
8. Que é o desenvolvemento “normal” das clases?
9. Como podo asegurarme de que todo o meu alumnado recibe os apoios que precisa?
10. Que ferramentas/estratexias existen para xestionar condutas desaxustadas que poidan xurdir na miña aula?
11. Por que educación inclusiva? (Infografía)
12. Deseño dunha clase (Infografía)
13. Ferramentas para a inclusión (Infografía)
14. Identificación e eliminación de barreiras (Infografía)

## 1. Dálle unha volta!



|                                               |                                                                                                                                                                                                                |
|-----------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Por que non atende?                           | Como podo conseguir que as miñas clases capten a atención de todo o alumnado?                                                                                                                                  |
| Por que non se relaciona cos compañeiros/as?  | Que dinámicas podo seguir para establecer un clima cooperativo e participativo dentro da aula?                                                                                                                 |
| Por que non me contesta?                      | Que ferramentas podo empregar para que todo o meu alumnado comprenda o que quero transmitir?<br>Con que ferramentas conta o meu alumnado para poder expresarse?                                                |
| Por que interrompe constantemente?            | Que estratexias de xestión de aula podo empregar?                                                                                                                                                              |
| Será capaz de seguir o currículo?             | Que metodoloxías podo empregar para garantir o seguimento do currículo e a participación do alumnado?                                                                                                          |
| Onde o/a situarei dentro da aula?             | Como podo organizar o espazo da aula para garantir unha distribución axeitada e facilitar a participación de todos/as?<br>Onde me situarei como mestre/a dinamizadora da clase e persoa de referencia e apoio? |
| Freará o desenvolvemento “normal” das clases? | Que é o desenvolvemento “normal” das clases?                                                                                                                                                                   |
| Cantos apoios precisará?                      | Como podo asegurarme de que todo o alumnado recibe os apoios que precisa?                                                                                                                                      |
| Presentará condutas disruptivas?              | Que ferramentas existen para xestionar condutas desaxustadas que poidan xurdir na miña aula?                                                                                                                   |

## 2. Como podo conseguir que as miñas clases capten a atención de todo o meu alumnado?

Existen diferentes factores que poden influír significativamente no eido da atención:

### **Motivación:**

A motivación resulta un pilar fundamental na aprendizaxe, non só durante a etapa educativa, senón durante todo o ciclo vital das persoas. Aprendemos aquilo que nos sorprende, que nos emociona, que nos apaixona... En definitiva, aprendemos aquilo que nos motiva.

Na práctica docente é conveniente ter en conta tanto a motivación intrínseca como a extrínseca do noso alumnado. A motivación intrínseca fai referencia aos intereses persoais do noso alumnado, sendo estes os que sempre deben guiar o proceso de aprendizaxe, e a motivación extrínseca a elementos externos que, como docentes, podemos modificar e adaptar en función das necesidades da nosa aula: tipos de actividade (manipulativas, interactivas, cooperativas...), metodoloxías como a aprendizaxe-servizo (ApS), a gamificación, aprendizaxe baseada en xogo, interaccións positivas por parte do/da docente, etc.

Outro factor fundamental directamente relacionado coa motivación son as expectativas que como docentes depositamos sobre o noso alumnado, establecéndose así un punto de partida tanto nas nosas interaccións como na linguaxe que empregamos nas nosas aulas (efecto Rosenthal ou “efecto Pigmalión”), que marcará de xeito significativo o desenvolvemento e o rendemento dos nenos e nenas nas clases. Neste senso, unha boa ferramenta para a práctica docente é a elaboración dun cartafol de talentos ao inicio de curso no que se evidencien fortalezas do alumnado, as súas capacidades, intereses, motivacións, hábitos de estudo, estratexias de aprendizaxe, preferencias de agrupamento, etc. (Renzulli y Reis, 2016).

As preguntas que poden guiar a práctica docente son:

- Teño en conta os intereses do meu alumnado na programación das miñas clases?
- Emprego metodoloxías que favorecen a motivación intrínseca e extrínseca?
- Varío as actividades de xeito frecuente e ofrezco alternativas de elección?
- Valido o esforzo e a implicación do meu alumnado nas tarefas?
- Como son as miñas expectativas de cara ao meu alumnado?
- Como son as miñas interaccións co meu alumnado?

### **Propostas de recursos e ferramentas para captar a atención do alumnado:**

- Ter en conta os intereses do alumnado e as súas experiencias
- Empregar metodoloxías activas

- Variar e combinar actividades (manipulativas, gamificadas, colaborativas, proxectos...)
- Ofrecer alternativas de elección e decisión tanto no desenvolvemento das clases como nas propias actividades
- Crear un cartafol de talentos
- Establecer un clima de relacións en positivo

**Accesibilidade / material didáctico:**

A falla de accesibilidade dos contidos e materiais é un dos factores clave no mantemento da atención nas tarefas. Neste senso, o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) eríxese como o pilar fundamental na consecución da accesibilidade plena, recollendo de forma específica aspectos como a accesibilidade dos materiais, a motivación, o compromiso e as alternativas de elección nos seus principios e aportando orientacións concretas para cada un deles.

Do mesmo xeito, as programacións multiniveladas (taxonomía de Bloom) favorecen a atención sostida e a participación nas tarefas propostas, xa que se atende á variabilidade competencial do alumnado.

As preguntas que poden guiar a práctica docente son:

- Son os meus materiais e contidos accesibles para todo o alumnado tendo en conta a súa variabilidade?
- Realizo unha análise de barreiras nas miñas programacións ou unidades didácticas de xeito previo a súa implantación na aula?
- Ofrezco actividades multinivel?

**Propostas de recursos e ferramentas para favorecer a accesibilidade:**

- Anticipar as barreiras que xorden no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Realizar unha análise das barreiras tendo en conta a accesibilidade cognitiva, de comunicación, física, sensorial..., tanto do contexto como da programación didáctica, e propoñer alternativas para superalas
- Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA)
- Propostas de actividades/programacións multiniveladas

**Contexto**

Ocorre que, en moitas ocasións, as faltas de atención veñen dadas por situacións contextuais que poden pasar desapercibidas inicialmente, tendendo a poñer o foco directamente nas dificultades do noso alumnado e depositando así unha responsabilidade nel que non sempre lle corresponde.

Por iso, é fundamental ter en conta o contexto no que vive inmerso o noso alumnado, tanto a nivel familiar como no propio centro educativo. Un bo recurso é a realización de avaliacións periódicas do impacto ou influencia que poidan ter determinados factores contextuais (dinámicas familiares, interacción cos compañeiros e compañeiras, conflitos/convivencia nas aulas, cambios nas rutinas...) no desenvolvemento dos nenos e nenas, tanto aqueles que funcionan como barreiras como os que funcionan como potenciadores do desenvolvemento académico e persoal.

As preguntas que poden guiar a práctica docente son:

- Pode haber algún factor contextual que estea influíndo a nivel atencional no desenvolvemento das miñas clases?

**Propostas para a mellora dos factores contextuais:**

- Identificar e analizar periodicamente os factores contextuais, tanto a nivel individual como de funcionamento de grupo, que poidan estar influíndo no desenvolvemento das clases (dinámicas familiares, interacción cos compañeiros e compañeiras, conflitos/convivencia nas aulas, cambios nas rutinas...)

### 3. Que dinámicas podo seguir para establecer un clima cooperativo e participativo dentro da aula?

A diversidade nas nosas aulas é unha realidade innegable: racial, cultural, funcional, sexual, lingüística... Unha diversidade que, sen dúbida algunha, nos enriquece e fortalece como individuos e sociedade, pero que tamén implica diferentes realidades, perspectivas e habilidades na interacción coas demais persoas. Por tanto, resulta fundamental a intervención educativa relativa á cohesión grupal e ao traballo cooperativo. Para iso, é interesante ter en conta os seguintes aspectos:

- **Autoavaliación docente:** como docentes somos modelos moi potentes para o noso alumnado, e o xeito en que nos relacionemos, a linguaxe que empregemos e as expectativas que amosemos sentarán un precedente claro no xeito en que os alumnos e alumnas se relacionen entre si.
- **Análise das dinámicas de interacción na aula:** as nosas aulas son sistemas de relacións ricos e complexos que poden xogar ao noso favor ou supoñer un gran obstáculo para o proceso de aprendizaxe e socialización. Neste senso son moi útiles os sociogramas, que permiten explorar de xeito gráfico a posición que ocupa cada individuo dentro do grupo, así como todas as interrelacións establecidas entre os diferentes alumnos e alumnas, creando unha base sólida para a posterior intervención na cohesión grupal.
- **Cohesión grupal:** para que a participación e as relacións na aula se establezan de xeito positivo, seguro e de igual a igual é preciso que se traballe e interveña de xeito específico na cohesión grupal que presenta o alumnado da nosa aula. Recomendamos establecer sesións concretas (hora de tutoría, por exemplo) para a realización de dinámicas e actividades como poden ser “Pes atados”, “O espello”, “Busca o teu globo” ou “Asemblea”, nas que se traballen habilidades sociais, estilos de comunicación, autoestima, resolución de conflitos...
- **Aprendizaxe cooperativa / Apoio entre iguais:** A nivel de traballo de aula, a metodoloxía cooperativa é un recurso moi potente que favorece o establecemento dun clima positivo e seguro, xa que aporta un sistema de traballo completo, recursos e dinámicas concretas que favorecen as relacións entre o alumnado (lectura compartida, 1-2-4, folio xiratorio, lapis ao centro, xogo de palabras...).

Por outra banda, o Sistema de Apoio entre Iguais (SAI) é tamén unha excelente ferramenta no relativo á convivencia escolar, proporcionando estruturas de participación e autoxestión do alumnado: Acollida, Axuda, Mediación, Tutoría ou Mentoría.

É necesario ter en conta que, aínda que introduzamos cambios na aula orientados a acadar un clima cooperativo e de participación, é probable que os resultados que buscamos non sexan visibles de xeito inmediato. Os cambios nos patróns relacionais e de dinámica de grupo requiren dun tempo de aprendizaxe, interiorización e xeneralización que debemos respectar e ter en conta.

**Propostas para establecer un clima cooperativo e participativo dentro da aula:**

- Autoavaliación docente: tipo de interacción que se mantén, linguaxe, expectativas
- Reaxustar
- Elaborar sociogramas
- Establecer espazos para a realización de dinámicas de cohesión grupal
- Traballar a través de aprendizaxe cooperativo
- Empregar o Sistema de Apoio entre Iguais

#### **4. Que ferramentas podo empregar para que todo o meu alumnado comprenda o que quero transmitir?**

É frecuente que a falta de comprensión parta da non accesibilidade dos contidos ou dos materiais que se presentan. Como primeira orientación, resulta moi útil a elaboración dunha análise de barreiras na unidade didáctica, material ou actividade que queremos propoñer, tendo en conta barreiras curriculares, cognitivas, sensoriais e sociais.

Unha vez identificadas as barreiras, a táboa de verificación DUA (Deseño Universal para a Aprendizaxe), e en concreto o principio de representación, é un recurso que nos pode ser de utilidade para comprobar a accesibilidade dos materiais e contidos elaborados atendendo a criterios de percepción, linguaxe e símbolos e comprensión.

Se tras a análise de barreiras e a aplicación e verificación do principio de representación continúan dándose dificultades na comprensión, sería preciso realizar axustes razoables, personalizándoos en función das características concretas do alumno ou alumna.

#### **Propostas para que todo o meu alumnado comprenda o que quero transmitir:**

- Análise de barreiras curriculares, cognitivas, sensoriais e sociais nos materiais e unidades didácticas
- Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA)

## 5. Que estratexias de xestión da aula podo empregar?

A pluralidade e diversidade nas aulas, o nivel de esixencia curricular e os tempos, entre moitos outros factores, poden xerar dinámicas de traballo en aula de difícil xestión: desmotivación, desinterese, condutas non apropiadas, conflitos, linguaxe ofensivo, ruído constante...

En primeiro lugar, é necesario ser conscientes de que non existen as variñas máxicas na educación. Os cambios, os avances e os progresos a nivel de xestión de aula sempre son froito do tempo, esforzo e implicación invertidos no proceso educativo.

A primeira orientación parte da comprobación da nosa aula como espazo seguro, é dicir, que existen recursos de acollida ante os conflitos individuais ou colectivos e alternativas de autorregulación dispoñibles para todo o alumnado. Algúns recursos ou cuestións a ter en conta son as seguintes:

- **Establecemento dun espazo físico de seguridade:** recuncho da calma, mesa da paz... que os nenos e nenas poidan empregar de xeito espontáneo (non obrigado) en caso de necesitalo. Convén explicitar e acordar de forma conxunta unha serie de normas para o seu uso.
- **Establecemento dun espazo temporal de xestión de conflitos:** unha sesión semanal dedicada á identificación de situacións que poidan estar influíndo nas dinámicas de grupo.
- **Normas de aula:** pode ser interesante a elaboración dun documento vivo de aula no que se recollan aquelas normas ou orientacións de convivencia consensuadas polo grupo. Este documento deberá ser accesible para todo o alumnado (alternativas visuais, auditivas, apoios visuais de pictogramas, imaxes...)
- **Docente como modelo:** é preciso ter en conta que os nosos alumnos e alumnas son esponxas que reproducen comportamentos e formas de relacionarse que observan nas persoas adultas de referencia. Resulta fundamental que coidemos e prestemos especial atención a avaliar, deconstruír e reconstruír actitudes, valores e perspectivas na medida que sexa necesario. A forma que teñamos de relacionarnos co noso alumnado e as expectativas que depositemos nel establecerá un punto de partida clave na forma en que eles e elas mesmas se relacionan.

Unha vez que verificamos a nosa aula como espazo seguro para a aprendizaxe e a convivencia, existen outros recursos que poden ser útiles como estratexias de xestión de aula.

### Propostas sobre estratexias de xestión de aula:

- **Comprobar a aula como espazo seguro:** recunchos de seguridade, normas de aula, espazo para a xestión de conflitos, docente como modelo, etc.
- **Docencia compartida:** trátase dun modelo de xestión da aula en que unha segunda persoa docente entra na aula repartíndose a carga didáctica. Existen diferentes modalidades na docencia compartida que se poden consultar [neste enlace](#)

- **Programas de alumnado axudante e mediador** - Sistema de Apoio entre Iguais
- **Recursos metodolóxicos:** estacións de aprendizaxe, cupóns para reforzar, call and response, rúbricas claras e concretas que especifiquen o que se espera do alumnado, caixa de suxestións...
- **Estratexias de xestión de aula**

## 6. Que metodoloxías podo empregar para garantir o seguimento do currículo e a participación do alumnado?

O currículo é un elemento eminentemente inflexible, que en moitas ocasións supón en si mesmo unha barreira para o noso alumnado. Neste caso a resposta é simple: a base que nos abrirá as portas ao seguimento do currículo e a participación do alumnado sempre será a **acesibilidade**, e a ferramenta que garante a acesibilidade universal é o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA).

O DUA supón un modelo base de intervención educativa que nos aporta orientacións concretas -atendendo aos principios de representación, expresión e compromiso- para permitir que todo o alumnado, sen excepción, poida acceder ao currículo e a participación na aula.

É necesario destacar que o DUA non é unicamente unha metodoloxía; é un marco teórico e práctico que debe sustentar toda práctica docente. De esta maneira, pódese complementar con outras metodoloxías ou métodos como poden ser Aprendizaxe baseado en proxectos (ABP), Aprendizaxe-Servizo (ApS), Gamificación, Montessori..., pero sempre debe estar presente na base da na intervención educativa.

Por outra banda, a programación multinivel é un recurso útil no acceso e participación dos contidos de aula, xa que propón diferentes formas de abordar os mesmos contidos principais de cada unidade, atendendo á diversidade competencial do alumnado.

### **Propostas para garantir o seguimento do currículo e a participación do alumnado:**

- Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA)
- Complementar con metodoloxías activas: ABP, ApS, Gamificación, Montessori, etc. ou estratexias educativas como a programación multinivel

**7. Como podo organizar o espazo da aula para garantir unha distribución axeitada e facilitar a participación de todo o alumnado? Onde me situarei como mestre/mestra dinamizadora da clase e persoa de referencia e apoio? Como podo organizar o espazo da aula para garantir unha distribución axeitada?**

Podemos falar de educación inclusiva a través de diferentes definicións. Como sinala Ainscow (2001, p. 44), “unha escola que non só acepta a diferenza, senón que aprende dela”, ou como definen Stainback e Stainback (1999, pp. 21-35), “é a que educa a todos os estudantes na escola ordinaria”. Preguntarse cales poden ser as barreiras que en cada contexto escolar sosteñen a exclusión educativa, resulta ser unha das tarefas esenciais para o avance da inclusión.

Mais a noción de inclusión non é algo propio do sistema educativo, senón que debería estar en harmonía coa noción dunha sociedade inclusiva que aprecia ese valor, e na que **cada membro ten o seu lugar**. Se trasladamos esta visión á nosa aula e ao noso centro, hai moitas maneiras de organizar o espazo, mais non todas favorecen a participación e inclusión do alumnado, polo que, evitando reproducir patróns sociais de exclusión e discriminación e na procura de favorecer tanto a participación como a accesibilidade aos contidos, actividades, avaliación, relacións... en igualdade de oportunidades, como profesorado debemos asumir a responsabilidade de construír un espazo de aprendizaxe facilitador, considerando diferentes factores:

- A organización dos espazos condiciona, en gran medida, que se establezan unhas dinámicas ou outras, polo que o importante é converter a aula e o centro nun **espazo de encontro, aberto e flexible, de apoio e participación**, que favoreza a comunicación e a interacción entre o alumnado, pero tamén entre os diferentes membros que forman parte da comunidade educativa, considerando a aula e o centro educativo como un espazo de convivencia, un lugar aberto á participación, o intercambio e a creación de situacións e experiencias de ensinanza-aprendizaxe, un espazo deseñado e disposto para a aprendizaxe universal. Así, un entorno educativo acorde aos principios de **accesibilidade universal** será un entorno que facilite o desenvolvemento e uso do mesmo por calquera alumna ou alumno, desde unhas características de comprensión, comodidade, seguridade e autonomía persoal.
- **Cuestionar onde pousamos a mirada**, cara onde miramos: a discapacidade, o alumno ou alumna, as barreiras que presenta o contexto. **O noso foco de atención condiciona as nosas actuacións**. Solo pousando a ollada nas barreiras e nas capacidades, poderemos asumir a responsabilidade de construír un espazo que permita a accesibilidade emocional, física, sensorial e/ou cognitiva, un lugar de aprendizaxe para todo o alumnado en igualdade de oportunidades.
- **Analizar o noso sistema de valores e crenzas**: que vemos no alumnado: discapacidade ou diversidade, necesidades educativas especiais ou barreiras para a aprendizaxe, individualizar ou personalizar, adaptacións ou axustes, programación adaptada ou programación accesible,

dificultades de aprendizaxe ou oportunidades de ensinanza, persoa con discapacidade ou contexto discapacitante... O espazo físico depende do espazo mental e sen unha boa predisposición mental non pode haber unha boa organización física. Se temos barreiras mentais estarán presentes na concreción do espazo real e **non poderemos crear espazos inclusivos sen eliminar crenzas limitantes**, paradigmas educativos e mentais tradicionais...

- Neste sentido, esas mesmas crenzas condicionarán as **expectativas que proxectamos no alumnado**: teño sempre altas expectativas para todos e todas? Conto con todo o meu alumnado para organizar o espazo? Considero nesa organización que todos e todas poden aprender? Proporciono nese espazo os apoios necesarios?

- Á hora de crear ambientes de aprendizaxe accesibles, ademais de considerar a aula completa como espazo didáctico favorecendo a liberdade de movemento, o mobiliario debe permitir a **interacción, a autonomía e facilitar a visibilidade e o acceso aos materiais**, polo que, á hora de estruturar a aula, é imprescindible deseñala dende a diversidade do alumnado, procurando evitar as barreiras que poidan condicionar a accesibilidade emocional, sensorial, cognitiva e ou física.

- A importancia da **coordinación e o traballo en equipo** por parte do profesorado: estar predispostos á colaboración e o traballo en equipo é imprescindible para facilitar o acceso aos espazos e ás aprendizaxes de todo o alumnado. Para poder deseñar espazos de aprendizaxe flexibles e participativos é necesario facelo en compañía, considerando a todo o profesorado como un equipo comprometido coa inclusión, onde todas e cada unha poden desenvolver un **rol de persoa de apoio** en función das necesidades de cada momento.

- Por último, para crear ambientes de aprendizaxe flexibles que faciliten a **participación activa** do alumnado, a **aprendizaxe social** e a **aprendizaxe significativa** vinculada coa vida real, deberemos construír un espazo que permita os **agrupamentos heteroxéneos**, xa que son unha estratexia organizativa que permite responder á diversidade do alumnado nunha mesma aula: agrupacións dinámicas e variables formadas por alumnos e alumnas que difiren en canto á súa maneira de aprender por ter distintos ritmos de aprendizaxe, coñecementos previos, habilidades, intereses, etc., así como diferenzas nas características persoais, sociais e familiares.

Este tipo de agrupamentos **concede ao alumnado un papel protagonista** na construción da súa propia aprendizaxe e un rol no **profesorado, como facilitador e mediador** no proceso de “Aprender a aprender”, proporcionando o apoio e acompañamento necesario en cada momento. Neste sentido, debe facilitar a mobilidade e a versatilidade permitindo realizar:

- **A titoría entre iguais**: onde un alumno ou alumna con maior competencia nunha tarefa ensina a outro que necesita máis axuda.

- **A colaboración entre iguais:** onde dous ou máis alumnos e alumnas de igual nivel de competencia cooperan na mesma actividade.
- **A aprendizaxe cooperativa:** onde un grupo de alumnos e alumnas de niveis heteroxéneos traballan conxuntamente cunha distribución das responsabilidades e unha planificación previa das actuacións.
- **Os grupos interactivos:** onde a aula se organiza en grupos pequenos e heteroxéneos que colaboran a través de interacción dialóxica para resolver as actividades de aprendizaxe. Os titores e as titoras encárganse de coordinar as actividades da aula e cada pequeno grupo está a cargo dunha persoa adulta (poden ser persoas voluntarias da comunidade, familiares ou profesorado).
- **Docencia compartida:** dispoñer dunha segunda persoa docente dentro da aula, de maneira que permita repartir a responsabilidade pedagóxica, onde ambos desenvolven a súa labor de mediadores e guías de aprendizaxe, considerando a aula dende unha perspectiva holística na que calquera pode ser susceptible de precisar ou prestar apoio. Neste sentido, o profesorado especialista asume un rol de profesorado de apoio, en colaboración coa persoa titora/profesora de aula. Deste xeito, a parella debe construír unha rede de apoio e colaboración deseñada para favorecer a participación, aprendizaxe e promoción, dentro do grupo, de todo o alumnado, evitando o illamento e exclusión. As intervencións individualizadas deberían quedar reducidas a situacións absolutamente excepcionais, como medida de apoio ao contexto grupal, pero nunca como solución permanente.

En resumo, un aula deseñada desde a perspectiva do Deseño Universal para a Aprendizaxe, debe permitir proporcionar múltiples formas **de representación, de acción e expresión, e de implicación, asumindo a accesibilidade universal como principio fundamental.**

## 8. Que é o desenvolvemento 'normal' das clases? (ver pregunta 4)

### NORMAL:

*“Que serve de norma ou regra”.*

*“Que se axusta a certa norma ou a características habituais ou correntes, sen exceder”.*

En xeral, aplicar ditos significados ao funcionamento da clase, do centro ou do sistema educativo implica que todo aquilo que non é habitual ou corrente, excede da norma e, polo tanto, queda fóra. Esta perspectiva de “normalidade” ofrece uns lindes predefinidos, pechados e limitantes, convertendo a realidade educativa nunha realidade engaiolante, que coloca a diversidade fóra dos lindes desa norma, como algo alleo e excepcional, e abordándoa con medidas e actuacións extraordinarias.

Asumir esta visión parece vivir de costas a unha realidade moito máis complexa. Tanto o alumnado como o profesorado, como cada un dos membros dunha comunidade educativa, forman parte dunha sociedade absolutamente diversa, cambiante e plural, polo que resulta imposible describir parámetros de normalidade dentro das nosas aulas e das nosas comunidades.

Saber que **non existe o “desenvolvemento normal” nunha clase** debe ser o punto de partida. Debemos aprender a recoñecer e valorar as diferenzas, variables e identidades de cada realidade e, a partir de aí, tratar de construír un ambiente que favoreza a convivencia e o respecto, onde aprender e ensinar sexan sinónimos de desfrutar en igualdade de oportunidades creando un mundo máis accesible e contribuíndo a unha máis que necesaria xustiza social onde ninguén permaneza nos marxes.

A continuación recolleemos algúns aspectos que poden axudar a crear ese ambiente de aprendizaxe, onde a diversidade deixa de ser excepcionalidade e se convirte no centro da nosa práctica docente:

- **Ollada inclusiva:** Ver capacidades, eliminar barreiras, proporcionar apoios, ofrecer contextos flexibles, coidar as expectativas, Deseño Universal da Aprendizaxe, deseño multinivel, tempo de coordinación e traballo en equipo, uso das TICs, avaliación flexible, etc. En definitiva, dar oportunidades sen poñer límites.
- **A importancia dos apoios:** Mobilizar, reorganizar e repensar os recursos do centro para poñelos sempre ao servizo da diversidade. Para salvar as posibles barreiras e responder ás necesidades de apoio reais é necesario que o profesorado asuma un rol como persoas de apoio no proceso de inclusión, creando redes colaborativas.
- **Docencia compartida:** Diseñar propostas pedagóxicas compartidas, colaboración entre docentes favorecendo o establecemento de apoios.

- **Horarios e agrupamentos flexibles**, que permitan crear aprendizaxes significativas e compartidas entre diferentes aulas ou niveis, creando vínculos que favorezan o apoio e a aprendizaxe.
- **Traballo colaborativo**: Desenvolver metodoloxías de traballo que faciliten as relacións interpersoais, o diálogo, as aprendizaxes compartidas, a cohesión, o apoio mutuo, a interacción simultánea (aprendizaxe cooperativa, comunidades de aprendizaxe, tutoría entre iguais, debates, exposicións, faladoiros...)
- **Deseño Universal da Aprendizaxe**: Un enfoque baseado na investigación para o deseño do currículo. É dicir, obxectivos educativos, métodos, materiais e avaliación que permite a todas as persoas desenvolver coñecementos, habilidades, motivación e implicación coa aprendizaxe.
- **TIC, TAC e TEP**: O manexo das TICs (Tecnoloxías da Información e a Comunicación), TAC (Tecnoloxías para a Aprendizaxe e o Coñecemento) e TEP (Tecnoloxías para o Empoderamento e a Participación) como ferramentas e recursos en beneficio da personalización da aprendizaxe, do deseño universal, da redución da fenda dixital e para favorecer a inclusión social.
- **Metodoloxías activas**: Establecer metodoloxías máis participativas como o traballo por proxectos, a gamificación, as paisaxes de aprendizaxe, as rutinas de pensamento, a aprendizaxe-servizo, o desenvolvemento de talentos e intelixencias múltiples...
- **Contornas estruturadas**: Organizar a aula por zonas de aprendizaxe diferenciadas, creando diferentes ambientes: recunchos, talleres, paisaxes de aprendizaxe... e organizar o centro librando posibles barreiras: facilitar as entradas e saídas, momentos de transición, tempos de recreo, etc. | [Máis información sobre accesibilidade cognitiva](#).
- **Materiais facilitadores**: Utilizar mediadores de aprendizaxe (recursos materiais, tecnolóxicos e persoais axustados a cada persoa e ás súas necesidades –personalización–), proporcionar materiais que favorezan a accesibilidade, a motivación e a participación (historias sociais, storytelling, cadernos de normas, visual thinking, termómetro de emocións, vídeos, audios, textos en lectura fácil, pictogramas...). O Deseño Universal da Aprendizaxe debe ser o marco que favoreza a accesibilidade universal.
- **Avaliación inclusiva**: A avaliación como proceso formativo e construtor da propia aprendizaxe, continua, flexible e dinámica, como instrumento de autocoñecemento, de superación persoal, de axuste dos procesos e da valoración do produto final conseguido coa aprendizaxe. Isto implica variedade de recursos, ferramentas e materiais sobre avaliación, así como diversidade de instrumentos de autoavaliación e co-avaliación.

## 9. Como podo asegurarme de que todo o meu alumnado recibe os apoios que precisa?

### APOIO:

*“Acto de prestar axuda ou asistencia a outra persoa para que poida realizar actividades e poida participar na aula” (Relatora Especial sobre os dereitos das persoas con discapacidade).*

*“Implica definir un novo rol do profesorado coa vista posta na inclusión. Apoiar implica coordinación para o logro de obxectivos compartidos e definidos como equitativos” (J. Blas García).*

*“Debe ser proporcionado polos profesionais mediante unha planificación de actividades pensadas para todo o alumnado, sendo conscientes dos seus diferentes puntos de partida, experiencias, intereses e estilos de aprendizaxe...” (Booth e Ainscow, 2000).*

A educación inclusiva baséase nunha concepción humanista da educación que se centra na perspectiva dos Dereitos Humanos e da xustiza social. O modelo social no que se move a educación inclusiva fala de eliminar barreiras para crear contextos acolledores e seguros para todo o alumnado. A educación inclusiva considera que **os apoios son unha ferramenta clave** para a calidade de vida das persoas e supoñen a estratexia que mellora o funcionamento humano. Os apoios ofrecen a oportunidade de reducir e/ou eliminar a discrepancia entre as habilidades dunha persoa e as demandas do contexto.

Apoio son todas aquelas actuacións e actividades que o/a docente, ou calquera outro membro da comunidade educativa, poida realizar para dar unha resposta inclusiva a todo o alumnado, de maneira que lle permita mellorar a súa participación tanto na aula como no contexto educativo e social. O apoio tamén é colaborar, construír xuntos partindo da capacidade, axustar o contexto e traballar entre iguais, coa finalidade de eliminar barreiras.

Teremos alumnos e alumnas nos nosos centros educativos que necesiten sempre un apoio ou axuda **para participar significativa e plenamente na aula**, outros que necesiten o apoio puntualmente e outros que non o necesiten, variando en cada caso a intensidade, pero sempre nos baseamos na **axuda e na colaboración**. Ofrecer un apoio de calidade é un dereito imprescindible para que todo o alumnado poida participar activamente na aula. A falta de apoios adecuados supón, por tanto, segregar, cometer inxustizas e poñer barreiras á presenza, á participación ou á aprendizaxe.

Debemos facer que o noso centro educativo se constituía nunha verdadeira comunidade de apoio, unha rede na que se presta axuda para que todo o mundo poida participar de maneira equitativa. Desta forma, o apoio non se centra unicamente nun profesorado concreto nin nun alumnado concreto, senón que alumnado, profesorado, familias e comunidade educativa en xeral, colaboran para axudar con propostas claras. A cultura da colaboración impregna desta forma todas as actuacións que alí se desenvolven.

Pode que en moitas ocasións nos xurdan dúbidas, polo que para **asegurarnos de que todo o alumnado recibe os apoios que precisa**, apuntamos algúns aspectos que poden axudar a deseñalos de maneira equitativa:

- Coñecer ao alumnado para poder establecer apoios centrados na persoa e nas barreiras que condicionan a súa participación, deseñando, na medida do posible, un sistema de apoios a medida da persoa que os precisa, con ela.
- Ser facilmente postos en práctica e ser utilizados por profesionais e non profesionais (alumnado, familias...) con diferentes habilidades.
- Xerar logros e resultados consistentes, que melloren a autonomía e a participación.
- Proporcionar información accesible e comprensible.
- Identificar as necesidades de apoio en condicións cambiantes e complexas.
- Xerar resultados aplicables á toma de decisións importantes sobre diferentes temas.
- Estar deseñados en coordinación coas persoas da contorna máis próxima (familia, compañeiros e compañeiras, amizades...)

#### **Non é apoio:**

- Se o deseñamos sen ter en conta as barreiras e as necesidades de apoio da persoa que o necesita, dando prioridade a outras cuestións.
- Se o deseñamos en base a un diagnóstico ou etiqueta, deixándonos levar por expectativas equivocadas, sen coñecer á persoa, a súa relación co contexto e as barreiras para a participación.
- Se son invariables e non temos en conta posibles cambios ou procesos evolutivos, perpetuando apoios ao longo do tempo.
- Se o proporcionamos fóra do contexto/situación/actividade onde se precisa.
- Se contribúe a crear/aumentar a dependencia, en lugar de fomentar a autonomía.
- Se non mellora a participación, progreso e inclusión.
- Se aumenta a sensación de exclusión e segregación.

Por último, unha vez empregadas todas as estratexias das que dispón un centro educativo para facilitar a accesibilidade e universalidade do seu alumnado, e cando estas resulten aínda insuficientes para responder a un determinado alumno ou alumna, debemos deixar lugar aos posibles **axustes razoables**, sen impoñer unha carga desproporcionada ou indebida. Estes serán todas aquelas modificacións e axustes que garantan o goce ou exercicio de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais, en igualdade de oportunidades.

En conclusión, podemos dicir que o **apoio é un facilitador**, unha ponte entre “o que é” e “o que pode ser”, entre a realidade e o desexo. Cando prestamos un apoio dende o respecto, de igual a igual, dignificamos á persoa. Facelo dende a desigualdade, como unha axuda que deseñamos considerando unicamente a perspectiva asistencial e sen ter en conta á propia persoa e ás barreiras que o limitan, poden chegar a estigmatizar, invisibilizar e oprimir.

Máis información: [“Los apoyos facilitadores para la inclusión”](#) · Dr. Joan J. Muntaner

## 10. Que ferramentas/estratexias existen para xestionar condutas desaxustadas que poidan xurdir na miña aula?

As condutas desaxustadas xorden como resposta ás esixencias dun contexto que non ofrece os **apoios necesarios**, impedindo unha resposta adaptada e equilibrada. Ademais, poden prolongarse no tempo porque supoñen algún tipo de reforzo ou gratificación para a persoa. Con frecuencia, acabamos depositando a responsabilidade na persoa, considerándoa o foco do problema, o que pode acabar provocando un estigma e xerando dinámicas de convivencia de discriminación e exclusión.

Polo tanto, haberá que analizar detidamente se a nosa aula e/ou o noso centro é un lugar accesible e comprensivo ou, se pola contra, ofrece algunha barreira susceptible de ser eliminada ou reducida (*Ver apartado de Identificación e eliminación de barreiras*).

Citamos algúns exemplos que poden condicionar a aparición deste tipo de condutas: as expectativas e/ou actitudes como docente, a situación socio-familiar, o sistema de relacións interpersoais dentro e fóra do contexto educativo, normas ou límites pouco claros ou inconsistentes, comunicación pouco fluída, programación de aula desaxustada, distribución espazo-temporal pouco comprensiva, proposta de actividades e materiais non accesibles, dinámicas paralelas, falta de motivación, tempos de recreo insatisfactorios, sistema de apoios ineficaz, etc.

Calquera elemento contextual, nun momento dado, pode chegar a provocar condutas desaxustadas que afecten ao clima de convivencia de maneira negativa, polo que as nosas intervencións pasan, na maioría de ocasións, por cambios e axustes en ditos elementos.

Polo tanto, no relativo ás condutas desaxustadas, podemos falar de certos condicionantes que interactúan entre si:

1. Están directamente **relacionadas co contexto** no que se producen
2. Teñen unha **función adaptativa** moi concreta para a persoa que as presenta
3. As intervencións requiren:
  - a. Un profundo **respecto e coñecemento da persoa**: basearse en valores respectuosos da **dignidade** da persoa, das súas **preferencias** e das súas **metas individuais**
  - b. Un coñecemento dos seus **contextos sociais e redes de apoio**
  - c. Coñecer a **función** que desempeñan ditas condutas en ditos contextos
  - d. **Rol facilitador do profesorado** para proporcionar os apoios necesarios no relativo á accesibilidade e comprensión da situación
  - e. **Importancia da coordinación** á hora de establecer e manter os apoios, de maneira que se constrúa desde o consenso, o compromiso e a consistencia

O Apoio Conductual Positivo (ACP) pode ser unha alternativa eficaz ao manexo dos problemas de conduta, xa que ten como obxectivo **reducir o comportamento problemático** e aumentar as oportunidades do individuo para mellorar a súa calidade de vida. Baséase en valores centrados no respecto á dignidade da persoa, independentemente das súas capacidades ou da natureza e gravidade das súas condutas desaxustadas.

O ACP implica a realización dunha análise funcional para poder comprender os factores que desencadean e manteñen as condutas problemáticas, e así despois poder planificar estratexias de intervención que promovan o desenvolvemento de habilidades alternativas e adaptacións ambientais acordes a cada situación e contexto e a cada persoa.

A finalidade última é conseguir resultados significativos a longo prazo. Por tanto, o éxito non se mide só pola diminución das condutas problemáticas, senón tamén polas melloras alcanzadas no uso de habilidades alternativas e na calidade de vida da persoa.

Á hora de xestionar condutas desaxustadas dentro da aula, deberemos ter en consideración outros factores:

### **A importancia dos límites**

Os límites...

- Marcan unha liña divisoria entre o que está permitido e o que non
- Dan seguridade
- Ensinan cales son as condutas adecuadas
- Son unha aprendizaxe fundamental para a vida adulta
- Axudan a establecer relacións

Os límites perden efectividade cando...

- Non se transmiten de forma clara (múltiples formas de representación, de acción e expresión e de implicación), tanto no relativo á mensaxe como ao comportamento esperado
- Son contraditorios, inconsistentes ou inestables
- Non hai consecuencias positivas ou negativas
- Esiximos algo que nós non practicamos, xerando unha discrepancia entre o modelo e as esixencias

**Establecemento de normas**

Debemos evitar...

- Chantaxe emocional
- Ameazas
- Xustificar a nosa actitude
- Acompañar unha orde verbal de linguaxe non verbal contraditoria (dar unha orde rindo)
- Forcexeos e descualificacións que falten ao respecto
- Dar ordes en negativo (non berrar, non correr...)

**O modelado**

Por último, debemos considerar a importancia da aprendizaxe por observación, xa que permite:

- Adquirir novos patróns de resposta máis axustados por imitación (adquisición)
- Fortalecer ou debilitar respostas (inhibición/desinhibición)
- Facilitar a execución de condutas aprendidas con anterioridade por observación

## 11. Por que educación inclusiva?



### A EDUCACIÓN INCLUSIVA

É un dereito fundamental



### ELIMINACIÓN DE BARRERAS CONTEXTUAIS

Contorna educativa integral que facilite o acceso ás aprendizaxes e a inclusión



### CONCEPTOS CLAVE



#### 1. Cambio de paradigma

O modelo ecolóxico e social



#### 2. O concepto de discapacidade

A interacción entre a persoa e as variables ambientais



#### 3. O modelo de calidade de vida

Benestar emocional, relacións interpersoais, benestar material, desenvolvemento persoal, benestar físico, autodeterminación, inclusión social e dereitos



#### 4. A relevancia da participación social

Estar presente non é suficiente, polo que cada persoa debe ser parte activa das actividades e nas contornas das que forme parte, contribuíndo e decidindo



#### 5. A importancia dos apoios

Facilitadores para participar, aprender e progresar



#### 6. Individualización VS Personalización

Excluír VS Incluír



#### 7. Sensibilización: Pilar fundamental

Permite desmontar mitos e fomentar valores como a empatía, a diversidade e a inclusión

## 12. Deseño dunha clase

### 1 Escolle os contidos

- ◆ Pensa que información queres que os teus alumnos e alumnas aprendan nesta clase.
- ◆ Establece contidos mínimos e complementarios.

**Prioriza.**

### 2 Anticipa barreiras (DUA)

- ◆ A túa aula é diversa e coñécela mellor que ninguén.
- ◆ Prepara a túa clase pensando que elementos do teu deseño poden supor unha barreira para a participación.
- ◆ Presta especial atención aos instrumentos de avaliación.

**Anticípate.**

### 3 Procura solucións

- ◆ Desenvolve alternativas para cada unha das barreiras que teñas identificado.
- ◆ Revisa o teu deseño e introduce os cambios que sexan necesarios.

**Redeseña.**

### 4 Proba

- ◆ Implementa o teu deseño e observa como funcionan as alternativas que propós.
- ◆ Analiza os resultados e utilízalos coma unha guía para próximas clases.

**Revisa.**

## 13. Ferramentas para a inclusión

### Obxectivo

### Ferramentas

## Organización do espazo

### Accesibilidade universal

- ◆ Comprensión
- ◆ Comodidade
- ◆ Seguridade
- ◆ Autonomía persoal

### Analiza

- ◆ Barreiras
- ◆ Crenzas
- ◆ Expectativas

### Cambio de roles

- ◆ Alumnado protagonista
- ◆ Profesorado facilitador

### Flexibilidade

- ◆ Agrupamentos heteroxéneos
- ◆ Aprendizaxe cooperativa
- ◆ Grupos interactivos
- ◆ Tutoría entre iguais
- ◆ Docencia compartida

## Desenvolvemento das clases

### Ollada inclusiva

- ◆ Flexibilidade de horarios
- ◆ Flexibilidade de agrupamentos
- ◆ Apoios
- ◆ DUA
- ◆ Metodoloxías activas
- ◆ Contornas estruturadas
- ◆ Materiais facilitadores
- ◆ TIC, TAC, TEP
- ◆ Avaliación inclusiva
- ◆ Traballo en equipo
- ◆ Docencia compartida

## Apoios

- ◆ Coñecer ao alumnado
- ◆ Identificar barreiras e necesidades de apoio
- ◆ Diseñar atendendo ao contexto, situación e actividade
- ◆ Crear e coordinar unha rede de apoio
- ◆ Xerar logros consistentes
- ◆ Contemplan axustes razoables

### Deseño desde o respecto e coa persoa

- ◆ Salvan barreiras
- ◆ Favorecen a autonomía
- ◆ Facilitan a participación e inclusión

## Condutas desaxustadas

Relacionadas con elementos do contexto

**Función adaptativa**

### Apoio condutual positivo

Outros factores

- ◆ Límites
- ◆ Normas
- ◆ Modelado

## 14. Identificación e eliminación de barreiras

| Barreiras     | Identificación                                                                                                                                                                                                        | Eliminación                                                                                                                       |
|---------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Físicas       | Actividades e exercicios que supoñan unha execución motora que non pode ser salvada por alumnado con problemas psicomotores                                                                                           | Empregar axudas técnicas para acceso ás actividades: punteiros, licornios, atrís, joystick, tapetes deslizantes, pulsadores, etc. |
| Sensoriais    | Presentación da materia por medio dunha única modalidade sensorial: auditiva, visual, táctil...                                                                                                                       | Engadir máis modalidades sensoriais de presentación                                                                               |
| Cognitivas    | A información presentada sen axudas conceptuais, mediadores, organizadores, mapas mentais, pode ser confusa e difícil de entender                                                                                     | Empregar axudas como autoinstrucións, rúbricas, organizadores metacognitivos...                                                   |
| Estruturais   | Obstáculos que parten da articulación do propio sistema educativo en particular e político en termos xerais                                                                                                           | Visibilizar as barreiras existentes a nivel xeral e reivindicar a súa eliminación                                                 |
| Comunicativas | A comunicación oral, escrita, xestual, táctil, pictográfica... se se presenta de forma única pode excluír a algún alumno ou alumna                                                                                    | Engadir máis modalidades de comunicación, axudas técnicas (BLISS), etc.                                                           |
| Curriculares  | A presentación dos contidos seguindo un único nivel curricular non achega ao alumnado con lagoas informativas                                                                                                         | Establecer unha programación e actividades multinivel                                                                             |
| Sociais       | As baixas expectativas, sobreprotección, medo, rexeitamento, indiferenza, falta de apoios, etc., son barreiras que condicionan a vida dunha persoa facendo que se sinta máis ou menos capaz e máis ou menos incluída. | Establecer máis formación permanente do profesorado                                                                               |